

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E UN DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e doce minutos no día vinte e un de xaneiro de dous mil vinte e un, reúnese en primeira convocatoria a Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria correspondente a este día. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa (éste por sistema de videoconferencia). Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro e do interventor do Concello don Manuel Larrosa Rodríguez; sesión que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS: 17.12.20 e 23.12.20.-

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade aprobou as actas das sesións mencionadas.

2º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/1.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA :

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2021/1 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 7 facturas ascende á cantidade de OITENTA E SETE MIL NOVENTA E SEIS EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (87.096,13 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

Visto o informe emitido pola intervención municipal en relación á aprobación e pago das facturas incluídas na citada relación.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2021/1 así como **AUTORIZAR** o correspondente pagamento por importe bruto de 87.096,13 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. Dixitalmente*) “

A Xunta de Goberno Local, examinada a proposta de Alcaldía, así coma as facturas que compoñen a relación, acordou a súa aprobación en votación ordinaria e por unanimidade.

3º.- CONCESIÓN AXUDA DIRECTA DE CARÁCTER EXCEPCIONAL A FAVOR DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL POR COVID-19.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE BORRADOR DE CONVENIO PARA A CONCESIÓN DE AXUDA DIRECTA DE CARÁCTER EXCEPCIONAL A FAVOR DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VALDOVIÑO PARA SUFRAGAR GASTOS DERIVADOS DA REALIZACIÓN DOS SERVIZOS EXCEPCIONAIS CON MOTIVO DA PANDEMIA XERADA POLO COVID-19 E AUTORIZACIÓN DO GASTO QUE SE DERIVA DESTA AXUDA:

“Vista a base número 26 das bases de execución do orzamento do ano 2021 na que se contempla a posibilidade de concesión de axudas directas de carácter excepcional (non suxeitas aos principios de publicidade e concorrência) cando se acrediten razón de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria. É obxecto da presente proposta a concesión dunha axuda directa de carácter excepcional con cargo á aplicación orzamentaria 130.489 00 á seguinte entidade e polo importe que se detalla a continuación:

AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VALDOVIÑO	15.000 €
--	----------

Visto o informe elaborado pola intervención, de fiscalización previa da proposta, na que deixa constancia da existencia de crédito,

En vistas das competencias normativas

PROPONSE:

PRIMEIRO.- Aprobar o borrador de convenio de colaboración que se acompaña aos efectos de colaborar economicamente coa entidade que se detalla para sufragar os gastos derivados da realización dos servizos excepcionais con motivo do estado de alarma declarado por RD 463/2020 de 14 de marzo e da pandemia xerada polo COVID-19, establecendo os dereitos e obrigas das partes e que se reproduce a continuación:

“CONVENIO DE COLABORACION POR CONCESIÓN DE AXUDA DIRECTA DE CARÁCTER EXCEPCIONAL ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A ENTIDADE-ASOCIACIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO “AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL VALDOVIÑO” PARA REGULAR A COLABORACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO AOS EFECTOS DE SUFRAGAR GASTOS DERIVADOS DA REALIZACIÓN DOS SERVIZOS EXCEPCIONAIS CON MOTIVO DO ESTADO DE

ALARMA DECLARADO POR RD 463/2020 DE 14 DE MARZO E DA PANDEMIA XERADA POLO COVID-19".

Valdoviño, xaneiro de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, D. Alberto González Fernández DNI nº [REDACTED] alcalde do Concello de Valdoviño, en nome e representación do Concello.

Doutra parte, D. Francisco Dopico Amado, en nome e representación da "Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil de Valdoviño", coma Presidente do mesmo, provisto do DNI en vigor número [REDACTED]

Ámbolos dous interveñen en representación e coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, recoñecéndose recíprocamente as partes intervintes a necesaria capacidade xurídica e lexitimación para convir e subscribir o presente convenio, conform as seguintes:

CLÁUSULAS

I.- É obxecto do presente convenio fixar un marco de colaboración económica entre o Concello de Valdoviño e a Agrupación Municipal Voluntarios do mesmo concello (AVPC, en adiante), toda vez as funcións a desenvolver pola dita Agrupación determina a posibilidade de que nesta entidade local se presten servizos de protección civil e que se poida actuar inicialmente ante calquera situación de emerxencia ou, como é o caso do presente convenio de carácter excepcional, para a realización dos servizos excepcionais prestados pola Agrupación de Voluntarios de Protección Civil tras a declaración do Estado de Alarma declarado polo RD 463/2020 de 14 de marzo e todas as actividades realizadas para garantir a seguridade con motivo do COVID-19 durante o período comprendido entre o 15 de marzo de 2020 e 15 de xuño de 2021.

Os servizos que serán subvencionados ao abeiro do presente convenios son:

- a) Auxilio aos corpos de seguridade do estado no reparto de mascarillas.
- b) Entrega de mascarillas.
- c) Reparto de alimentos frescos e comidas.
- d) Visitas a domicilio a persoas de avanzada idade e/ou dependentes.
- e) Entrega de diverso material para a elaboración de mascarillas.
- f) Entrega de equipamento informático a alumnado do CPI de Atios.
- g) Control de aforo e cumprimento das normas COVID-19 en areas municipais.
- h) Traslado de menores aos campamentos de verán dende os seus domicilios.
- i) Auxilio á Policía Local nas distribucións de entrada e saída do CPI de Atios.

II.- O concello de Valdoviño, vistas as tarefas desenvolvidas pola AVPC, e visto o interese xeral dos veciños/as que se van a prestar, en base ao determinado no artigo 49.f) da LEG comprométese a axudar economicamente a dita entidade mediante a consignación dunha axuda directa de carácter excepcional nos orzamentos xerais do ano 2021 por importe de 15.000,00 euros. O dito importe imputarase á aplicación orzamentaria 130.48900.

III.- Esta axuda directa de carácter excepcional servirá para financiar gastos correntes relacionados coa colaboración de dita AVPC, nos que incorra entre 15 de marzo de 2020 e 15 de xuño de 2021, sempre e cando non se perciban outras axudas (públicas ou de entidades privadas) para o mesmo fin, que sumadas á concedida polo concello determinen un importe superior ao gasto realizado.

A subvención poderá acadar ata o 100% do custo que se xustifique mediante gasto realizado (xustificando tamén o pagamento) para os fins indicados.

IV.- A AVPC, comprométese a destinar o importe da cantidade recibida á finalidade prevista no presente convenio: servizos excepcionais prestados tras a declaración do Estado de alarma para garantir a seguridade con motivo do COVID-19 e a colaborar coas autoridades competentes na realización de tarefas relacionadas coa protección da cidadanía.

V.- En ningún caso, o persoal para o desenvolvemento das actividades propias da AVPC terán vinculación ou relación laboral de ningún tipo co Concello de Valdoviño, e tal e como se determina no artigo 51.4 do Decreto 56/2000 de 3 de marzo.

VI.- A AVPC deberá dar cumprimento ao establecido na normativa relacionada, en concreto cumprir o resto de requisitos establecidas no artigo 51 do Decreto 56/2000 de 3 de marzo para o persoal voluntario, que debe cumprir cos deberes determinados no artigo 53 do citado decreto e contar coa formación normativamente establecida. Ao igual que a AVPC, debe contar con un seguro de accidentes así como de responsabilidade civil por danos a terceiros que ampare aos seus membros fronte aos riscos que están sometidos no exercicio das funcións descritas e a dita agrupación debe estar inscrita no rexistro de protección civil da Comunidade Autónoma.

SOLICITUDE

VII.- A AVPC, deber presentar no Concello a seguinte documentación:

.Xunto coa solicitude e antes da adopción do acordo de outorgamento da subvención:

1.- Copia do CIF da AVPC e do reglamento da dita AVPC e xustificante de inscrición no rexistro de protección civil da Comunidade Autónoma.

2.- Certificados emitidos polo Secretario/Secretaria da AVPC acreditante quen son os membros da Xunta Xestora, e especificamente o que ostenta a representación da dita Avocación aos efectos da sinatura do convenio.

3.- Declaración responsable, asinada polo representante legal da entidade no seu nome, de non estar (nin a entidade nin os seus representantes) en ningún suposto de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas, unida á declaración de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias (autonómicas, estatais e locais) e de Seguridade Social (art. 14.1.e) LXS).

4. – Relación dos gastos (conceptos e importes) nos que prevé incorrer e ingresos que prevé recibir para a prestación dos servizos excepcionais tras a declaración do Estado de alarma co obxecto de garantir a seguridade con motivo do COVID-19

5.- Declaración responsable do conxunto das subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e período obxecto de axuda. A estes efectos, indícase que esta axuda excepcional, dende o punto de vista do Concello, é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, sempre que, en ningún caso, a súa contía, engadida á da subvención outorgada polo Concello, supere o custo da actividade subvencionada.

6.- Declaración responsable en nome da AVPC, comprometéndose a presentar xustificación da axuda conforme se determina na cláusula seguinte.

7.- Certificado referido ao carácter deducible ou non do IVE que lle é repercutido polos gastos subvencionados.

b) Para o libramento dos fondos desta axuda directa de carácter excepcional estarase ao seguinte:

O pagamento da axuda efectuarase mediante ingreso na conta bancaria sinalada para tal efecto polo beneficiario, unha vez sexa asinado o convenio e ao tratarse dunha axuda directa de carácter excepcional prepagable na súa totalidade, indicar que antes da xustificación da subvención polo beneficiario, non se require constitución de aval algún ao beneficiario en garantía do anticipo.

XUSTIFICACIÓN

VIII.- A AVPC antes do 30/06/2021 deberá presentar a seguinte documentación xustificativa do emprego desta axuda directa de carácter excepcional outorgada:

1.- Conta xustificativa: relación de xustificantes de gastos con conceptos e importes que se presentan coma xustificación desta axuda directa e xustificantes dos pagamentos realizados. Adxuntarase tamén unha memoria das actuacións realizadas, firmada en todas as follas, e declarando o cumprimento da finalidade da axuda.

2.-Certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa seguridade social, e declaración de non ter percibido/solicitado outras axudas para o mesmo fin, ou declaración de que as solicitadas/concedidas non superan o total do gasto realizado.

3.-Xustificación de ter dado publicidade á colaboración económica do concello, ben por medios escritos, Internet ou mediante fotografía correctamente testemuña da publicidade

da subvención percibida do Concello pola entidade beneficiaria, aos efectos da necesaria publicidade da mesma (art. 18.4 LXS).

Se a documentación xustificativa presentada, non se presenta completa e correcta (conforme ao establecido neste convenio, e na Lei Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento) efectuarase requirimento outorgando prazo non inferior a 10 días, nin superior a un mes para emendar os defectos observados. Transcorrido o dito prazo sen recibirse a enmenda da documentación, procederase a incoacción do expediente de reintegro, este expediente poderá ser polo total, no caso de non xustificarse a realización de ningún gasto, de xustificarse inadecuadamente ou, tamén poderá ser parcial, no caso de que polo órgano competente se considere que queda acreditada a realización da actividade, por xustificarse algún gastos pero que non acade o importe subvencionado.

CUESTIÓNS ADICIONAIS

- A. AVPC, sométese ás actuacións de comprobación e control que realice o órgano local competente ou a Intervención do Concello, estando obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida por eles no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das cantidades libradas, de conformidade cos termos regulados na Lei 38/2003. Igualmente de acordo co disposto na Lei 6/85 de 24 de xuño do Consello de Contas de Galicia, a AVPC, queda sometida aos procedementos de fiscalización que leve a cabo dito órgano de control externo, e no seu caso ao disposto na Lei orgánica 2/1982 de 12 de maio, aos procedementos de enxuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas.*
- B. Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións do presente convenio ou requirimentos de xustificación que poida facer a Intervención ou o órgano municipal competente.*
- C. O presente convenio terá vixencia ata o 30 de xuño de 2021.*
- D. Para o seguimento e contrl do cumprimento do presente convenio poderá constituírse unha comisión integrada por un representante de cada unha das partes asonantes, nomeados polo Presidente do Concello e polo órgano estatutariamente competente da AVPC.*
- E. Son causas de resolución do presente convenio:*

-A denuncia de calquera das partes

-O incumprimento total ou parcial das obrigas estipuladas por parte de calquera dos asonantes.

F)- Dada a natureza xurídico pública do presente convenio, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do mesmo, serán resoltas pola xurisdicción contencioso administrativa.

G)- As partes asonantes declaran de obrigado cumprimento todo o consignado no presente convenio de carácter administrativo e sométense ao mesmo, ás bases de execución do Orzamento Xeral do Concello de Valdoviño (que a AVPC declara coñecer), e á normativa de aplicación na materia.

En proba da súa conformidade suscríbese por duplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data indicados.

Valdoviño, xaneiro de 2021

Polo Concello de Valdoviño

Pola entidade beneficiaria

O Alcalde:

Presidente da AVPC

Asdo.: D. Alberto González Fernández Asdo.: D. Francisco Dopico Amado”

SEGUNDO.- Autorizar o gasto a día de hoxe unha vez se da inicio ao expediente de subvención nominativa a conceder entidade mencionada para sufragar os gastos de realización das actividades indicadas.

TERCEIRO.- Dar conta deste acordo á entidade interesada e requerirle para que compareza o seu representante coa documentación que se establece no propio convenio para asinar o mesmo.

En Valdoviño, asinado na data indicada á marxe

O alcalde,

Asdo.: D. Alberto González Fernández”

Vista a anterior proposta de Alcaldía pola Xunta de Goberno Local, quedou aprobada en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros.

4º.-SOLICITUDE DE LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, INSTADA POR DON ANTONIO MANUEL FERNÁNDEZ-SANDE GARCÍA.-

Expte. 2021/R002/000001

Vista a instancia de don Antonio Manuel Fernández_Sande García, formulada en data 12 de xaneiro de 2021, rexistro xeral de entrada núm. 20210000000079 pola que solicita que se lle conceda licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos, e examinada a documentación que adxunta á mesma, así coma comprobado o padrón municipal de habitantes, no que aparece inscrito.

Tendo en conta pois, que o solicitante, atópase empadroadado neste concello, e que se aporta toda a documentación requirida na normativa que regula a tenza de animais

potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, que consta no expediente da súa razón.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- Concender licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos a don Antonio Manuel Fernández_Sande García cunha validez de CINCO ANOS dende a data da notificación, debendo ser renovada ao remate de cada período de validez, previa xustificación de que se seguen cumprindo os requisitos que se esixiron ao interesado como documento acreditativo desta concesión.

Segundo.- O animal deberá ser identificado cun “microchip”, susceptible de ser lido mediante un equipo lector específico para poder ter localizado ao animal en todo momento.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos oportunos. Coa notificación entregaraselle un doroso ao interesado, onde constan as obrigas que deben de cumprir os titulares da licenza; e realizar os demais trámites precisos derivados do acordo.

5º.- EXPEDIENTES DE URBANISMO.-

Licenza de obras do Centro de interpretación e campamento Xanelas no Atlántico

PROPOSTA DE ALCALDÍA

“- Expte. de obras 45/2020.- JOSÉ RUBÉN FERNÁNDEZ CONDE.- Para as obras de Centro de interpretación e campamento Xanelas do Atlántico no [REDACTED], parroquia de VALDOVIÑO, en solo clasificado como **solo non urbanizable de protección paisaxística-ambiental e ecolóxica: litoral e solo non urbanizable común**, e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polos arquitectos **Oscar López Alba e Lucía Fernández Rodríguez**.

E Visto o informe do arquitecto técnico de data 11 de xaneiro de 2021 indica que no informe solicitado ao POL co número. SIR 1774/RX 8677741 indica ó uso incompatible dentro das áreas continuas de protección costeira, polo tanto infórmase en xeito **DESFAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Non conceder licenza para as obras do Centro de interpretación e campamento Xanelas no Atlántico.

Segundo.- APROBAR a liquidación das taxas de 48,08 € polo expediente de obra e 16,12 € polo expediente de actividade.

Terceiro.- Notificar o seguinte acordo ao interesado.

Valdoviño, 20 de xaneiro de 2021.
O Alcalde,
Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, aprobou a licenza anteriormente transcrita.

6º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: “MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CAMPO DE FÚTBOL DE MOURENTE.-

Expte.- 2019/C005/000002

Plan: POS ADICIONAL 1/2019, 1ª FASE da Deputación Provincial.

Proxecto redatado por don Ramiro Calvo Saavedra, Ingen. Indust. 1143 ICOIIG de “Invedra Proxecta” ; importe total proxecto: 47.701,59 euros (39.422,80 euros, prezo sen IVE), IVE.- 8.278,79 euros.

Feita publicación licitación na Plataforma de Contratos do Estado, onde se aloxa o perfil do contratante, en sesión de 21.05.20 aperturouse a documentación sobres A, acordando a Mesa de Contratación a admisión de todos os licitadores. En sesión de 16.07.20, reunese a Mesa de Contratación aperturando as ofertas económicas sobres “C”:

Ofertas:

TECNICA INSTALACIONES ELÉCTRICAS GALICIA S.L.– CIF: B-32501298

Ofrece o seguinte prezo:

- A) Prezos sen IVE 30.000,00 €
- B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 6.300,00 €
- C) Total: (A+B) 36.300,00 €

INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS .- CIF: B-15025661

Ofrece o seguinte prezo:

- A) Prezos sen IVE 30.347,95 €
- B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 6.373,07 €
- C) Total: (A+B) 36.721,02€

PRINSEL- CIF: B-15386402

Ofrece o seguinte prezo:

- A) Prezos sen IVE 32.167,21 €
- B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 6.755,11 €
- C) Total: (A+B) 38.922,32 €

INSATEL INSTALACIONES S.L. CIF: B15571318

Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezos sen IVE 37.166,25 €

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 7.804,91 €

C) Total: (A+B) 44.971,16 €

ELECTRECIDAD PERMUY S.L. CIF:B15677024

Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezos sen IVE 30.300,00 €

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 6.363,00 €

C) Total: (A+B) 36.663,00 €

SANSIGA S.L. CIF: B15999519

Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezos sen IVE 29.950,79 €

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 6.289,67 €

C) Total: (A+B) 36.240,46 €

LOS MEJORES Y MAS EFICACES PROYECTOS S.L. MEPROSA- CIF: B-27508035

Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezos sen IVE 20.182,80 €

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 4.238,39 €

C) Total: (A+B) 24.421,19 €

ELECTRICIDAD CONDADO S.L. CIF: B36380384

Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezos sen IVE 33.115,00 €

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 6.954,15 €

C) Total: (A+B) 40.069,15 €

FORMATESA LALIN S.L. CIF: B36548873

Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezos sen IVE 24.125,44 €

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 5.066,34 €

C) Total: (A+B) 29.191,78€

ACEUVE MANTENIMIENTO SLU CIF:B36754471

Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezos sen IVE 34.488,89 €

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 7.242,67 €

C) Total: (A+B) 41.731,56 €

ILUMINA LIGHTING COMPANY S.L. CIF:B55162200

Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezos sen IVE 21.008,00 €

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 4.411,68 €

C) Total: (A+B) 25.419,68 €

PROYMEL MONTAJES S.L. CIF. B70057898

Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezos sen IVE 32.747,20 €

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 6.876,91 €

C) Total: (A+B) 39.624,11 €

VALDONAIRE SOLUCIONES TECNICAS S.L. CIF:B87577102

Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezos sen IVE 27.500,00 €

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 5.775 €

C) Total: (A+B) 33.275,00 €

Realizase a Valoración co Programa de Valoración de Ofertas económicas en contratos e concursos, coas cantidades sen o IVE, resultando:

EMPRESA	OFERTA	PUNTOS
LOS MEJORES Y MAS EFICACES PROYECTOS S.L.	20.182,80	100,00
ILUMINA LIGHTING COMPANY S.L.	21.008,00	98,14
FORMATESA LALIN S.L.	24.125,44	91,12
VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS S.L.	27.500,00	83,53
SANSIGA S.L.	29.950,79	78,01
TECNICA INSTALACIONES ELECTRICAS GALICIA S.L.	30.000,00	77,90
ELECTRICIDAD PERMUY S.L.	30.300,00	77,22
INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS S.L.	30.347,95	77,12
PRINSEL S.L.	32.167,21	73,02
PROYMEL MONTAJES S.L.	32.747,20	71,71
ELECTRICIDAD CONDADO S.L.	33.115,00	70,89
ACEUVE MANTENIMIENTO SLU	34.488,89	58,43
INSATEL INSTALACIONES S.L.	37.166,25	26,69

Efectuado requirimento á: LOS MEJORES Y MAS EFICACES PROYECTOS S.L., ILUMINA LIGHTING COMPANY S.L. e FORMATESA LALIN S.L; LOS MEJORES Y MAS EFICACES PROYECTOS S.L. non presentou a documentación requirida; . ILUMINA LIGHTING COMPANY S.L., presentou a documentación o 28 de agosto de 2020 e FORMATESA LALIN S.L. presentou a documentación o 31 de agosto de 2020.

Visto o informe do arquitecto técnico de data 28 de outubro de 2020 no que se sinala que a empresa **ILUMINA LIGHTING COMPANY S.L.** presenta unha memoria xustificativa, **non adaptada** ao contido fixado no artigo 15.4.4 do Prego **non quedando xustificada a oferta e debendo considerarse como unha oferta economicamente desproporcionada.**

Visto o informe do arquitecto técnico de data 28 de outubro de 2020 no que sinala que a empresa **FORMATESA LALÍN S.L.** presenta un orzamento (21.125,44 € + IVE) que **non coincide coa oferta presentada segundo a notificación remitida á empresa (24.125,44 € + IVE).** Non achega declaración responsable do persoal que adscribirá á obras obxecto de licitación e así como a declaración do cumprimento das obrigas salariais, **non quedando xustificada a oferta e debendo considerarse como unha oferta economicamente desproporcionada.**

Vistos os antecedentes expostos,: rexeitamento das ofertas presentadas por **ILUMINA LIGHTING COMPANY S.L. e FORMETESA LALÍN S.L. por considerarse economicamente desproporcionadas** dacordo co informe técnico polos motivos sinalados anteriormente e a proposta de adxudicación a favor da empresa economicamente máis vantaxosa, sendo o factor prezo o único criterio de valoración, que recae en **VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS S.L.**, que presenta unha oferta de **27.500,00 €**, e sendo a mellor oferta,

A Xunta de Goberno Local de data 12.11.20, Acordou:

“PRIMEIRO.- Rexeitar as ofertas presentadas por **ILUMINA LIGHTING COMPANY S.L. e FORMETESA LALÍN S.L. por considerarse económicamente desproporcionadas** dacordo co informe técnico.

SEGUNDO.- Propoñer a adxudicación da obra **SUBMINISTRO E MONTAXE DE EQUIPOS ELECTRICOS NECESARIOS PARA A ACTUACION “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CAMPO DE MOURENTE”** a **VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS S.L.**, por importe de **33.275,00 € IVE ENGADIDO**, e de acordo co Prego de cláusulas que rexen a contratación e coa oferta presentada por dita empresa, e prazo de execución de **TRES MESES**, previamente á adxudicación **deberá presentar no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquél en que reciba o requirimento, a documentación sinalada na cláusula 16) dos pregos que rexeron a presente contratación.**

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, se entenderá que o licitador retira a súa oferta, procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

Todo elo sen perxuízo do sinalado no artigo 71,72 e73 da LCSP

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo a **VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS S.L., ILUMINA LIGHTING COMPANY S.L. e FORMETESA LALÍN S.L.2**

Executado o acordado. A empresa **VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS S.L** en dta 22.12.20 (nº rexistro 202099900001361) presenta a documentación que se lle requiriu e Visto que se conta cos informes dos servizos económicos de non débedas da empresa citada,

CONSIDERANDO os antecedentes expostos, esta Alcaldía, en uso das atribucións que ten conferidas por Lei, **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- ADXUDICAR O SUBMINISTRO E MONTAXE DE EQUIPOS ELÉCTRICOS NECESARIOS PARA A ACTUACIÓN: MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO POLIDEPORTIVO DE MOURENTE” á empresa **VALDONAIRE SOLUCIONES TECNICAS S.L. CIF:B87577102; polo prezo total de 33.275,00 € (TRINTA E TRES MIL DOUSCENTOS SETENTA E CINCO EUROS)** (prezo sen IVE 27.500,00 €; IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 5.775 €); polo prazo **de TRES MESES.**

SEGUNDO.- Dispor do gasto correspondente na partida orzamentaria 342.633.00

TERCEIRO.- Nomease coma Diretor de Obra e Coordinadora de Seguridade e Saúde ao enxeñeiro industrial Ramiro Calvo Saavedra, 1143 ICOIIG de “Invedra Proxecta”.

CUARTO.- Notificar o presente acordo á adxudicataria e requerirle para a formalización do documento de contrato; así como notificar ao Diretor de Obra para que exerza as súas función derivadas do nomeamento.

QUINTO.- Notificar o acordo aos demás licitadores para o seu coñecemento e efectos e publicar a adxudicación.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local, decidirá o que estime máis convinte. Documento asinado electrónicamente polo alcalde”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade acordou a aprobación da anterior proposta de Alcaldía

7º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: “MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO POLIDEPORTIVO DE MEIRÁS.-

Expte.- 2019/C005/000003

Plan: POS ADICIONAL 1/2019, 1ª FASE da Deputación Provincial.

Proxecto redatado por don Ramiro Calvo Saavedra, Ingen. Indust. 1143 ICOIIG de “Invedra Proxecta” ; importe total proxecto: 18.298,41 euros (15.122,65 euros, prezo sen IVE), IVE.- 3.175,76 euros.

Feita publicación licitación na Plataforma de Contratos do Estado, onde se aloxa o perfil do contratante, en sesión de 21.05.20 aperturouse a documentación sobres A, acordando a Mesa de Contratación a admisión de todos os licitadores. En sesión de 23.07.20, reunese a Mesa de Contratación aperturando as ofertas económicas sobres “C”:

Ofertas:

ACEUVE MANTENIMIENTO S.L.U.- CIF: B-367544741

Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezos sen IVE 12.400,77 €

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 2.604,16 €

C) Total: (A+B) 15.004,93 €

TECNICA INSTALACIONES ELÉCTRICAS GALICIA – CIF: B-32501298

Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezos sen IVE 13.700,00 €

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 2.877,00 €

C) Total: (A+B) 16.577,00 €

ELECTRICIDAD IN. M.A.C. CONDADO S.L.- CIF: B-36380384

Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezos sen IVE 12.098,00 €

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 2.540,58 €

C) Total: (A+B) 14.638,58 €

ELECTRICIDAD PERMUY S.L.- CIF: B-15677024

Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezos sen IVE 9.645,00 €

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 2.025,45 €

C) Total: (A+B) 11.670,45 €

FORMATESA LALIN- CIF: B-36548873

Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezos sen IVE 12.853,48 €

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 2.699,23 €

C) Total: (A+B) 15.552,71 €

INSATEL INSTALACIONES S.L.- CIF: B-15571318

Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezos sen IVE 11.400,00 €

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 2.394,00 €

C) Total: (A+B) 13.794,00 €

INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS .- CIF: B-15025661

Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezos sen IVE 9.815,28 €

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 2.061,21 €

C) Total: (A+B) 11.876,49 €

LOS MEJORES Y MAS EFICACES PROYECTOS S.L. MEPROSA- CIF: B-27508035

Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezos sen IVE 9.111,30 €

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 1.913,37 €

C) Total: (A+B) 11.024,67 €

PRINSEL- CIF: B-15386402

Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezos sen IVE 11.722,35 €

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 2.461,69 €

C) Total: (A+B) 14.184,04 €

PROYMEL MONTAJES- CIF: B-70057898

Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezos sen IVE 10.556,10 €

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 2.216,78 €

C) Total: (A+B) 12.772,88 €

ROUDER EFICIENCIA ENERGÉTICA S.L.- CIF: B-26540542

Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezos sen IVE 12.749,42 €

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 2.677,38 €

C) Total: (A+B) 15.426,80 €

TECNICA INGENIERIA Y MONTAJES S.L.U.- CIF: B-15467921

Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezos sen IVE 11.225,85 €

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 2.357,43 €

C) Total: (A+B) 13.583,28 €

ZONA DE OBRA O ROSAL S.L.- CIF: B-94106663

Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezos sen IVE 12.279,59 €

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 2.578,71 €

C) Total: (A+B) 14.858,30 €

SANSIGAS S.L.- CIF: B-15999519

Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezos sen IVE 10.961,10 €

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 2.301,83 €

C) Total: (A+B) 13.262,93 €

Realizase a Valoración co Programa de Valoración de Ofertas económicas en contratos e concursos, coas cantidades sen o IVE, resultando:

EMPRESA	OFERTA	PUNTOS
LOS MEJORES Y MAS EFICACES PROYECTOS S.L.	9.111,30	100,00
ELECTRICIDAD PERMUY S.L.	9.645,00	95,72
INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS	9.815,28	94,36
PROYMEL MONTAJES S.L.	10.556,10	88,42
SANSIGA S.L.	10.961,10	85,18
TECNICA4 INGENIERIA Y MONTAJES S.L.U.	11.225,85	83,05
INSATEL INSTALACIONES, S.L.	11.400,00	81,66
PRINSEL S.L.	11.722,35	79,07
ELECECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO S.L.	12.098,00	76,06
ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	12.279,59	74,61
ACEUVE MANTENIMIENTO	12.400,77	73,64
ROUDER EFICIENCIA ENERGÉTICAS S.L.	12.749,42	70,84
FORMATESA LALIN S.L.	12.853,48	70,01
TECNICA INSTALACIONES ELECTRICAS GALICIA	13.700,00	43,91

Efectuado requirimento a LOS MEJORES Y MAS EFICACES PROYECTOS S.L., ELECTRICIDAD PERMUY e INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS; LOS MEJORES Y MAS EFICACES PROYECTOS S.L. non presentou a documentación requirida e ELECTRICIDAD PERMUY e INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS presentaron a documentación en data sete de outubro de dous mil vinte.

Visto o informe técnico de data vinte oito de outubro do dous mil vinte onde se sinala que a empresa **ELECTRICIDAD PERMUY S.L.** xustifica a oferta económica presentada, **non considerándose como unha oferta economicamente desproporcionada. Sinalando que debería esixirse a aportación das garantías que se estimen oportunas, que en calquera caso non serán inferiores a un prazo de cinco anos para calquera elemento**

o material da instalación, dacordo co prego de prescripcóns técnicas. Tamén se considera necesario que as características técnicas das luminarias ofertadas sexan analizadas polo técnico redactor do Prego de prescripcóns técnicas ou outro técnico competente, co obxectivo de comprobar o seu axuste ás especificacións técnicas reflectidas en dito Prego.

Vistos os antecedentes, a empresa economicamente máis vantaxosa, sendo o factor prezo o único criterio de valoración, recae en **ELECTRICIDAD PERMUY , S.L.**, presenta unha oferta de **9.645,00 €**, e sendo a mellor oferta, a Xunta de Goberno Local en data 12.01.20 adoptará o seguinte ACORDO.

“PRIMEIRO.- *Propoñer a adxudicación da obra SUBMINISTRO E MONTAXE DE EQUIPOS ELECTRICOS NECESARIOS PARA A ACTUACION “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO POLIDEPORTIVO DE MEIRAS” a ELECTRICIDAD PERMUY S.L. , por importe de 11.670,45 € IVE ENGADIDO, e de acordo co Prego de cláusulas que rexen a contratación e coa oferta presentada por dita empresa, e prazo de execución de TRES MESES, previamente á adxudicación deberá presentar no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquél en que reciba o requerimento, a documentación sinalada na cláusula 16) dos pregos que rexeron a presente contratación.*

SEGUNDO.- *Requerir a empresa a aportación das garantías que se estimen oportunas, que en calquera caso non serán inferiores a un prazo de cinco anos para calquera elemento o material da instalación, dacordo co prego de prescripcóns técnicas, sen que se realice a adxudicación definitiva sen dito documento, dacordo co informe técnico municipal.*

De non cumprimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, se entenderá que o licitador retira a súa oferta, procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas. Todo elo sen perxuízo do sinalado no artigo 71,72 e73 da LCSP.

TERCEIRO.- *Notificar o presente acordo a ELECTRICIDAD PERMUY, SL. “*

Executado o acordado, a empresa ELECTRICIDADE PERMUY S.L en data 23.12.20 (nº rexistro 202099900001363) presenta a documentación que se lle requiriu e que presenta ademáis do aval de garantía definitiva un aval tamén de garantía complementaria por importe de 482,25 euros, e Visto que se conta cos informes dos servizos económicos de non débedas da empresa citada,

CONSIDERANDO os antecedentes expostos, esta Alcaldía, en uso das atribucións que ten conferidas por Lei, PROPÓN á Xunta de Goberno Local, de sesión 21.01.21 a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- ADXUDICAR O SUBMINISTRO E MONTAXE DE EQUIPOS ELÉCTRICOS NECESARIOS PARA A ACTUACIÓN: MELLORA DA EFICIENCIA

ENERXÉTICA NO POLIDEPORTIVO DE MEIRÁS” á empresa **ELECTRICIDAD PERMUY S.L.- CIF: B-15677024; polo prezo total de 11.670,45 € (ONCE MIL SEISCENTOS SETENTA EUROS E CORENTA E CINCO CÉNTIMOS) ;** prezo sen IVE 9.645,00 €; IVE Porcentaxe: 21% Importe: 2.025,45 €.

SEGUNDO.- Dispor do gasto correspondente na partida orzamentaria 342.633.00

TERCEIRO.- Nomease coma Director de Obra e Coordinadora de Seguridade e Saúde ao enxeñeiro industrial Ramiro Calvo Saavedra, 1143 ICOIIG de “Invedra Proxecta”.

CUARTO.- Notificar o presente acordo á adxudicataria e requerirle para a formalización do documento de contrato; así como notificar ao Director de Obra para que exerza as súas función derivadas do nomeamento.

QUINTO.- Notificar o acordo aos demás licitadores para o seu coñecemento e efectos e publicar a adxudicación.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local, decidirá o que estime máis convinte. Documento asinado electrónicamente polo alcalde”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade acordou a aprobación da anterior proposta de Alcaldía.

8.- SOLICITUDE DEVOLUCIÓN DE AVAL POR GLOBALSER SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.- **DEVOLUCIÓN DE AVAL**

VISTA a solicitude efectuada por D^a Rocío Rodríguez Pérez con DNI nº 35572578L de data 04/11/2020, en representación de GLOBALSER SOLUCIONES INTEGRALES SOCIEDAD LIMITADA de devolución de aval depositado para a obra:

“Mellora da iluminación pública na estrada a Valdoviño pola calzada AC-566”, por importe de 1.500,00 euros depositado en data 12/02/2020

Visto que conforme ao artigo 117 da Lei de contratos do sector público foi aprobado o expediente de contratación e comenzo do de adxudicación na “Mellora da iluminación pública na estrada a Valdoviño pola calzada AC-566” chegando a formalizarse o contrato e realizando os acordos derivados así como a rendición da adxudicación á Deputación Provincial da Coruña.

Considerando que en data 3 de agosto de 2020 a adxudicataria presentou escrito de renuncia á execución do contrato sendo aceptada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 13/08/2020.

En virtude do art. 111.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “*A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e*

cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista.”

No presente caso acordouse a resolución do contrato con GLOBALSER SOLUCIONES INTEGRALES SOCIEDAD LIMITADA por aceptación da súa renuncia presentada e continuándose coa petición de presentación de documentación aos seguintes licitadores por orde de puntuación obtida no referido procedemento de adxudicación.

Segundo os antecedentes expostos anteriormente

PROPONSE:

DEVOLVER a garantía en AVAL citada para responder das obrigas da obra: “*Mellora da Iluminación Pública na estrada a Valdoviño pola calzada AC-566*” a favor de GLOBALSER SOLUCIONES INTEGRALES SOCIEDAD LIMITADA por importe de 1.500,00 euros depositado en data 12/02/2020.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde, Asdo. Alberto González Fernández

A Xunta de Goberno Local, por votación ordinaria e unanimidade acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

O Sr. Alcalde presenta por urxenza o asunto que de seguido se relaciona, a fin de non demorar a tramitación dos escritos recibidos no Concello; urxenza que é apreciada por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, e por ende inclúese dito asunto Fóra da Orde do Día.

.- INFORME DO DIRECTOR DE OBRA EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE “MELLORA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NA ESTRADA A VALDOVIÑO POLA CALZADA AC-566”.-

En data 20.01.2021 (registro entrada 202199900000086), o Director da obra Mellora da iluminación pública na estrada a Valdoviño pola calzada AC-566 Sr. Juan Manuel Álvarez Sampedro, presenta informe de suspensión temporal de execución da obra mencionada (expediente contratación 2019/C003/000002); xunto con comunicado emitido polo contratista para o director da obra informándolle da suspensión temporal.

No informe indica que a empresa comunicoulle en calidade de Director de Obra e Coordinador de Seguridade e Saúde que por causa de forza maior (condicións meterolóxicas adversas) e non poder garantir a seguridade na execución da obra, vense obrigados a suspender temporalmente a execución da obra ata que as condicións meteorolóxicas melloren e poidan continuar coa obra.

Sinala que tralo exposto e coas medidas que adoptou o contratista New Energy Concept, comunicáselle a decisión ao Concello para que paralicen os prazos de execución da obra ata a reanudación dos traballos e que o contratista comunicarlle con antelación ao Director

de obra a reanudación dos mesmos, o que se comunicará ao Concello mediante o correspondente informe.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento e por unanimidade acorda ACCEDER á suspensión namentras non desaparezan as condicións meteorolóxicas adversas e en todo caso, revisable nos próximos sete días na vindeira Xunta de Goberno.

PARTE DE ACTIVIDADE

9º.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PARA A SEGURIDADE DO COVID-19.-

Asistentes:

Alberto González Fernández - Presidente

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Alejandro Antonio Garcia Sousa

Jessica Sabín Fernández

Dáse conta polo alcalde da promulgación das novas medidas adoptadas polo Decreto 5/2021 e da Orde de 19.01.2021, do que hai que destacar a Valdoviño como concello de risco nivel máximo de restricións, quedando restrinxida a entrada e saída do ámbito agás polas causas xustificadas e permitidas no devandito decreto.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo rogos e preguntas

Sen ningún outro asunto a tratar , sendo as dez horas e trinta e cinco minutos deste minutos a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente , e coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

Documento asinado dixitalmente á marxe pola Secretaria Municipal e polo Alcalde